

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

*EXTRACTO da Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprox-economía social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao programa operativo do Fondo Social Europeo, e se convocan para o ano 2018.*

BDNS (Identif.): 379381.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>):

Primeiro. *Ampliación do crédito orzamentario*

Incrementábase en 350.000 euros o importe total destinado á concesión das axudas ao abeiro dos programas I e II da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 26 de decembro de 2017 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018), quedando a orde cun importe total de 2.150.000 euros.

Este incremento afecta os programas I e II da orde, de acordo coa seguinte distribución:

Programa I (TR802G): 200.000,00 euros (09.40.324C.470.0; proxecto 2016 00306).

Programa II (TR802J): 150.000,00 euros (09.40.324C.470.1; proxecto 2016 00306).

Segundo. *Prazo de solicitude*

Esta modificación non afecta os prazos establecidos na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

